

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZ DE NOVEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dez de novembro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o tres de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.911/09 de don Manuel Cabaleiro Tosar

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun muro de pedra, de aproximadamente 16 mts de lonxitude e máis para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 35 m², colocando uralita e tella, no lugar de Ximonde, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras do cerramento axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima será de 3,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica será feito con pedra do país e a altura máxima total do cerramento será de 1,50 mts.



En canto ás obras de rehabilitación do alboio axustaranse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica. Ademais de acordo co disposto no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e seis euros con sesenta céntimos (#36,60#)

2.2.- Instancia num. 133/09 de don Manuel Campos Sanluís

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun peche de parcela con bloque, de aproximadamente 29 mts de lonxitude, no lugar de Cubelas, en solo de núcleo rural (N-1) e dentro da zona de afección do ben incorporado ó catálogo de bens B-55, segundo o PXOM.


Dáse conta asimesmo da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts. Ademais axustaranse ás condicións impostas pola comisión territorial de patrimonio histórico galego de A Coruña do servizo de patrimonio cultural.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con catro céntimos (#18,04#).

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva da obra de Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla

Con data vinte de outubro do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Electricidad Cruceiro, S.L o contrato da obra de *Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla (código 08.3350.0047.0)* no prezo de setenta mil novecientos oitenta e cinco euros con corenta e seis céntimos (#70.985,46#) IVE engadido, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data vinte e un de outubro



Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente na *Reforma de las instalaciones de iluminación en el campo de fútbol de Santa Cruz de Ribadulla*, por procedemento negociado

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 452-623 do orzamento vixente de gastos

Terceiro - Notificarlle a Electricidad Cruceiro, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto - Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Quinto - Formalizado o contrato o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra

Séxto.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación definitiva dos investimentos incluídos na 1ª fase do Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais do concello (PAC-2)

4.1.- Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)

Con data vinte de outubro do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Obras y Viales de Galicia, S.L o contrato da obra de *Mellora do firme dos viais municipais (código 09.3270.0052.0)* no prezo de cincuenta e tres mil oitocentos sesenta e tres euros con dezaioito céntimos (#53.863,18#) IVE engadido, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data vinte e un de outubro

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente en *Mellora do firme dos viais municipais*, por procedemento negociado

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 511-601 do orzamento vixente de gastos

Terceiro - Notificarlle a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto - Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante



Quinto - Formalizado o contrato o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederáse á acta de replanteo e inicio da obra

Séxto.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.

4.2.- *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra (Código 09.3270.0053.0)*

Con data vinte de outubro do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Promotora Matimán, S.L o contrato da obra de *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra (Código 09.3270.0053.0)* no prezo de trinta mil euros (#30.000,00#) IVE engadido, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data vinte e un de outubro

Dado que o adxudicatario presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente en *Instalación de tabiquería móbil no Museo de Vedra (Código 09.3270.0053.0)*, por procedemento negociado

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 451-622 do orzamento vixente de gastos

Terceiro - Notificarlle a Promotora Matimán, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Cuarto - Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Quinto - Formalizado o contrato o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederáse á acta de replanteo e inicio da obra

Séxto.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.

5º.- Certificacións de obras

5.1.- Certificación num. 2 da obra de *Locales de exposición y graderío en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra de *Locales de exposición y graderío en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2009, e máis da factura num. E00284/09 de Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de noventa e cinco mil setecentos trinta e catro euros



con sesenta e cinco céntimos (#95.734,65#), sendo o director da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma.

5.2.- Certificación num. 1 da obra de *Centro de interpretación parroquial en Vedra*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Centro de interpretación parroquial en Vedra*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local e máis da factura num. OCV.008 de Promotora Matimán, S.L, por importe de corenta e sete mil setecentos vinte euros con cincuenta e cinco céntimos (#47.720,55#), sendo o director da mesma o arquitecto don J. Fermín González Blanco.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

5.3.- Certificación num. 1 da obra de *Rehabilitación da estación de ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Rehabilitación da estación de ferrocarril en Santa Cruz de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local e máis da factura nº OCV.009 de Promotora Matimán, S.L, por importe de trinta e catro mil novecentos corenta e oito euros con vinte céntimos (#34.948,20#) sendo o director da mesma o arquitecto don J. Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma.

5.4.- Certificación num. 1 da obra *Acondicionamento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Acondicionamento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós (código 09-2100-0299.0)*, incluída no Plan de Obras e Servizos (POS 2009), e da factura num. EO0299/09 de Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de cincuenta e catro mil seiscientos noventa e seis euros con oitenta e tres céntimos (#54.696,83#), sendo do director da obra o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos realizados na mesma

5.5.- Certificación num. 2 da obra *Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón*

Dáse conta da certificación num. 2 da obra de *Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón (código 09.2100.0299.0)*, incluída no Plan de Obras e Servizos (POS 2009), e da factura num. EO0298/09 de Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de trinta e sete mil cincocentos vinte e catro euros con nove céntimos (#37.524,09#), sendo o director da obra o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma



5.6.- Certificación da obra de Instalación de tabiquería móbil no Museo Modesto Paz Camps

Dáse conta da certificación única da obra Instalación de tabiquería móbil no Museo Modesto Paz Camps, por importe de corenta e un mil cento setenta e sete euros con trinta e dous céntimos (#41.177,32#) , e das facturas nums. OCV.009 (#12.991,82#) e OCV.010 (#28.185,50#) de Promotora Matimán, S.L, financiadas pola Excma. Deputación Provincial e polo Ministerio de Administracións Públicas respectivamente, pola realización dos traballos relacionados na mesma.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as mesmas

6º.- Outros asuntos

6.1.- Aprobación plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais

Dáse conta do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, informado favorablemente pola Dirección Xeral de Montes, cuxa redacción foi adxudicada á empresa Segalia Enxeñeiros na Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día once de agosto do ano que andamos

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado plan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte minutos

